

TRADUCCIÓN CIENTÍFICA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Benigno Fernández Salgado
Universidade de Vigo

Resumo

Nesta conferencia lida no *IV Congreso da Asociación de Tradutores Galegos (ATG)* celebrado na Universidade de Vigo reflexiónase sobre as ideoloxías que conducen os estudos, prácticas académicas e dinámicas sociais da traducción en Galicia. Con este fin realízase un exercicio de deconstrución crítica a partir dos cinco primeiros números de *Viceversa*, a revista da ATG, intentando desenmarañar os presupostos teóricos que se manexan en torno ó proceso lingüístico e cultural que supón traducir ó galego e, en particular, os efectos que se poden derivar da mímese de modelos nacionais pouco adecuados para o galego. A este respecto, propónse que o debate sobre a traducción científica no contexto galego se insira no máis xeral da traducción como contribución á normalización lingüística, defendéndose como programa alternativo (1) a diversificación das linguas que serven de fonte ó galego, (2) a necesidade de coidar e someter a crítica as traduccions fronte ás estratexias que promoven a “traducción masiva”, e (3) a posibilidade de reestructurar o espacio diglósico tradicional de maneira que a traducción científica ó galego se concentre en textos prácticos de ensino e divulgación científica e se deixe para o inglés o ámbito internacional da ciencia de elite.

Abstract

This paper read at the *IV ATG Conference* held at the University of Vigo explores the linguistic ideologies which guide the practice, academic teaching and social dynamics of Translation in Galicia. To this aim, the first five issues of *Viceversa*, the ATG journal published by, are subjected to deconstruction and criticism. The purpose is to analyze the theoretical tenets which underpin the linguistic and cultural process of translation into Galician, particularly the effects derived from mimesis of inadequate national models. The author proposes that the debate on scientific translation and language normalization in Galicia is reinstated into the more general discussion about translation and cultures, defending that (1) translation from more diverse languages should be promoted; (2) that good translations and critical reviewing should be given priority against “massive translation”; and (3) that diglossia should be restructured in order that scientific translation into Galician focuses on popular and practical scientific texts rather than on high or elitist science, a field of activity for which scientific English is already very well-equipped.

Este IV Simposio pretende reflexionar sobre unha estraña relación: a da ciencia coa traducción. Tomando como base os dous termos e os conceptos que vehiculan teríamos a posibilidade de explorar polo menos dúas relacións interesantes: a traducción da ciencia (e os seus efectos, é dicir, a ciencia traducida) e a ciencia da traducción (e a súa lóxica implicación, a traducción científica). ¿Cal é a miña actitude con respecto á traducción da ciencia —a primeira das combinacións? Tentarei non dar lugar a confusións acerca da miña postura sobre o galego. En primeiro lugar, estou evidentemente a favor de que se traduza ó galego, sexa o que sexa, canto cada un de nós estea disposto a traducir. En segundo lugar, celebraríase que se promovese desde as instancias gubernativas un ambicioso plan de traducións que incluíse os grandes fitos científicos e filosóficos da humanidade. E, por último, defendería —e esa sería unha das miñas propostas para os servicios lingüísticos da Universidade de Vigo— un programa de traducións dos manuais e bibliografía fundamental de cada unha das disciplinas científicas que se estudian nas tres universidades galegas. Nesta política de traducción eu creo que todos cantos amamos as linguas ou traballamos con elas poderíamos estar máis ou menos de acordo. Podería haber problemas de prioridades ou de selección pero non sería dende logo unha política de difícil implementación con tal de que se incluísen nos orzamentos da Xunta, das universidades, ou doutras institucións partidas específicas destinadas á cultura e o desenvolvemento lingüísticos da ciencia. A pregunta, sen embargo, é: ¿estamos preparados para afrontar eses plans?, ¿está a sociedade galega disposta a facer fronte a ese reto?

Aclarado o meu libertarismo de base e a miña disposición a propiciar un certo dirixismo planificado suxeito a control social debería agora referirme ó outro pólo do título da miña intervención: o da normalización lingüística. ¿Cal é o papel que a traducción podería desempeñar no proceso cultural e político que, dende os oitenta, se vén coñecendo co nome de ‘normalización’? Sen reparar en que a “normalización” nace como un proceso de restauración democrática oposta á etapa anterior de falta de todo tipo de liberdades (incluída a lingüística, é dicir, a de expresión), o propio concepto aparece baleirado de sentido e isto debería ser recordado para as xeracións máis novas que naceron trala morte de Franco. Neste sentido, a normalización podería entenderse, por tanto, como unha reivindicación democrática que pretende a efectivización dos dereitos lingüísticos. En termos prácticos isto quere dicir que a normalización equivalería a pedir para o galego (e para os seus falantes, incluídos os que o queiran facer a súa lingua) máis facilidades de uso e de aprendizaxe, máis presenza na vida académica, e menos trabas técnicas, psicolóxicas e sociais. En suma, a creación dun ambiente intelectual e dun contexto pragmático moito máis favorable có que hoxe ten. A dispoñibilidade de textos científicos e académicos en galego

–hoxe só marxinal pero potencialmente realizábel a través de traducións promovidas e apoiadas institucionalmente– contribuiría de maneira decisiva a mudar as actitudes, aptitudes e contextos lingüísticos existentes.

Voltando agora ó suxeito da pregunta que nos fixemos, a “sociedade galega”, tal e como eu a entendo, non é algo exclusivamente abstracto nin independente das persoas que a conforman, por moito que queiramos evadir a nosa responsabilidade individual. Nese sentido, a sociedade somos cada un de nós cada vez que nos comunicamos con outros membros da comunidade. Somos, como universitarios, polo menos unha parte dela, e eu ousaría dicir que non pouco importante. Por iso a pregunta que deixei formulada require da nosa parte (en particular da dos tradutores que participamos no proceso) unha maior capacidade crítica e autocrítica co noso propio traballo, comezando pola propia actividade do que significa a operación e práctica de traducir e, seguindo, pola consideración da necesidade, ficticia ou real, de traducións de material científico ó galego.

No que segue pretendín facer dúas cousas: (1) examinar os presupostos dos que parte a ATG en relación coa normalización lingüística á luz dos textos publicados na súa revista –é sinceramente un exercicio de lectura interesante reler os números de *Viceversa* e o anexo coas *Actas do I Simposio Galego de Tradución*– e (2) expoñer as miñas ideas sobre os efectos da tradución nos procesos de normalización. O método empregado parte do deconstructivismo, entendido como práctica aberta de transfondo social e intencións radicais. A deconstrución –Derrida dixo– «consiste só nunha transferencia, e no pensamento vehiculado a través dela, en tódolos sentidos que esta palabra adquire en máis dunha lingua, e sobre todo na transferencia entre linguas»¹. A miña deconstrución intenta, por tanto, estimular no lector a súa faceta crítica e facelo partícipe da análise do marco teórico e das súas posibilidades. O marco teórico, como é fácil de adiviñar, é o da “normalización lingüística”. Para explorar os seus límites –os deconstructivistas recomandan– nada mellor que atender ás oposicións binarias con que os propios conceptos operan. Ese será o noso primeiro exercicio: deconstruír a construción denominada “normalización”. A intención é cuestionar o propio significado do termo, xeralmente libre de escrutinio crítico. A normalización está aí pero ninguén sabe para ónde vai, nin quen a trouxo nin por qué non avanza, nin por qué non se transforma ou non desaparece.

O termo, sen embargo, si tivo os seus definidores. Comezou sendo unha construción dos sociolingüistas cataláns (nalgún sitio lin que incluso tería un creador con nome e apelido: Lluís Aracil), pero demostrou ser facilmente

¹ O pensamento de Derrida concéntrase sen dúbida no problema da tradución (i.e. a deconstrución como transferencia, translación, transformación, transporte). A cita inserida continúa. «Se tivese que arriscar unha simple definición de deconstrución, unha que fose tan breve, elíptica e económica como un contrasinal, diría simplemente e sen excederme: ‘plus d’une langue’ –máis dunha única lingua e non máis dunha mesma lingua». (pp. 14-15).

exportable como marco ideolóxico e político a outras partes do estado (Galicia e País Vasco) con características sociolingüísticas semellantes aínda que non idénticas. A evolución do termo e das realidades que referiu en cada un dos contextos nos que se importou foi, non obstante, netamente distinta. Se en Cataluña e no País Vasco a comezos dos 80 a situación era dun 60 % e dun 30 % de falantes da lingua autóctona, respectivamente, a de Galicia era porcentualmente moito máis positiva, dun 75 %, coa diferenza de que aquí a poboación era local e nas outras dúas comunidades tiña un moi alto continxente de inmigrantes. En calquera caso, deixando a un lado as diferentes realidades sociohistóricas e económicas, o interesante é anotar que o propio concepto de *normalización* asumía, e isto é importante, as connotacións absolutamente modernas das sociedades industriais e de consumo occidentais. Só o adxectivo “normal” era de uso corrente na fala cotiá. O verbo “normalizar”, del derivado, constituía, polo contra, unha rechamante novidade e por iso aínda hoxe se segue usando como termo especializado en situacións sociais de carácter irregular. Outro tanto sucedeu co substantivo base, “norma”, que acabou rezumando a mesma novidade do neoloxismo estranxeirizante ó se habilitar para referencias comerciais, industriais e mesmo legais relativas á estandarización dos produtos modernos. Por último, o adxectivo “normal”, sobre o que descansa a actividade de “normalizar”, “facer algo normal”, acabou aínda sumando a connotación máis efectista, a psico-biolóxica, a de opoñerse a “anormal” (< abnormal “non normal”) e “subnormal” (“por baixo do normal”).

Con este historial semántico, a palabra “normalización” arraigou sen maiores contratempos nas culturas das tres comunidades históricas onde é hoxe unha palabra de uso case “normal”, ó acadar xunto cun termo case complementario —o de “normativización”— o rango legal. A estrañeza da palabra e do concepto xorde cando se tenta traducir (isto é, transferir) a outros idiomas diferentes do español. Tanto en francés como en inglés “normalization” é un neoloxismo que debe ser glosado pois resulta opaco na lingua corrente e cando se usa formalmente tende a ser entendido no sentido do inglés “standardization” (é dicir, o que aquí máis ou menos entendemos por “normativización”). Isto, sen embargo, non é problema, pois na tradición sociolingüística en que fomos educados a verdadeira dicotomía técnica establécese entre “normalización” e “normativización” e un nunca se esquece de aclaralo. O primeiro recolle os aspectos sociais do uso da lingua. O segundo os aspectos propiamente lingüísticos. Ambos, sen embargo, aparecen nos libros de texto e nos manuais de sociolingüística vis à vis (pode constatar-se, por exemplo, nos comentarios de Portas (1991: 200-205) sobre a LNL (1983) e o DNL 173/1982). Pero agora vexamos cá é o lugar da tradución no proceso de “facer normal o uso do galego”. Podemos acudir á presentación que aparece no primeiro número da revista *Viceversa*, onde se escribe (nº 1, p. 7):

No proceso de normalización lingüística de Galicia hai un novo paso que dar: traducir masivamente ó galego as mellores obras literarias e técnicas das máis importantes linguas de cultura. Esta normalización require a formación dun corpo de tradutores profesionais que poidan afrontar este inxente labor tan necesario para a comunidade lingüística galega.

Aquí temos varios tópicos dos que vimos falando que cómpre discutir, ou na xerga empregada antes, deconstruír, co obxecto de ver a maneira en que se foi construíndo o discurso sobre a tradución en Galicia e a posibilidade de novos desenvolvementos. Son estes: (i) a vinculación da tradución coa *normalización*; (ii) a produción/tradución *masiva* da cultura moderna; (iii) a mímese cultural mediante a tradución das *linguas de cultura* (por exemplo trasladando ó galego as mellores obras literarias e científicas); e (iv) o requisito necesario de *profesionalizar*, ou nos termos de Foucault, “disciplinar” esta función social e normalizadora. Os dous últimos ítems son redundantes: (v) a necesidade e inmensidade do labor; (vi) a identificación de Galicia como comunidade lingüística.

¿Cómo se vencellan os dous elementos chave –traducir e normalizar– no discurso que corre a través das páxinas de *Viceversa*? Como non podía ser doutra forma, de maneira selectiva e ordenada. O proceso de normalizar a tradución forma parte do proceso social envolvente da normalización do uso do galego, pero o máis destacable de todo é a especificación cultural que se detecta –isto é, a selección do tipo de traducións que se deberían realizar. Segundo Xulián Maure, que é o autor da presentación, a tradución debe ser á vez masiva e elitista. ¿Como se pode entender esta aparente contradición? Vexamos. Traducir masivamente, no sentido industrial e despersonalizado, é de momento tarefa imposible aínda que se avanzara considerablemente nos programas de tradución automática. Publicar masivamente, con edicións de gran tiraxe, é unha empresa economicamente pouco viable para unha comunidade lectora relativamente pequena coma a nosa. ¿Refírese entón a un “corpo de tradutores” que traduzan “moito” e “moi boas cousas” para as novas redes dos grandes medios de comunicación, segundo parece aclararse un pouco máis adiante? Se é así, o sintagma “*corpo* de tradutores” (a cursiva é miña) ten para min resonancias burocráticas e, a pesar de que admito que a tradución administrativa e legal é perfectamente lexítima, non me parece esa a forma máis plástica de representar un traductor. Se, pola contra, ó que se refire Maure é a tradución masiva para os medios, o proxecto para min peca de falta de realismo con relación ó oficio dos futuros licenciados en tradución². Daquela, a imaxe retórica que se requiriría debería ser a dun “exército”

²Fágome cargo, en todo caso, da retórica inherente ás connotacións socialmente positivas do “corpo de funcionarios”, sobre o que parece estar modelado o sintagma “corpo de tradutores”.

de tradutores que está disposto a dar unha difícil batalla na que ou conseguen conquistar os lectores e a sociedade ou non haberá tales traducións masivas. En algo si é preciso concordar: se o que hai que traducir debe ser regrado e regulado entón nada mellor que un atractivo reclamo de bos mestres da traducción. Claro que neste extracto do texto a quen se menciona non é ós novos profesores –os primeiros claros beneficiarios e interesados– senón ós futuros profesionais da traducción que eles formarán e adestrarán nos intrincados pasos da traducción.

A pincelada elitista tamén merece comentario crítico, non tanto pola aparente incompatibilidade como pola ideoloxía subxacente que se reitera na presentación das *Actas do I Simposio Galego de Traducción* (Noia, 1995: 9-11). O *target*, o branco das traducións que se fagan ó galego, e aquí englóbase tanto a traducción literaria coma a técnica, debe ser, en palabras de Maure, «as máis importantes linguas de cultura». A oposición neste caso sería entre dous clubes: o clube das linguas de cultura e o clube das linguas sen (alta) cultura. Maure quédase coas primeiras, quere introducir ó galego no primeiro dos clubes, e mesmo chega a definir a traducción como «actividade que resulta imprescindible en calquera lingua de cultura». Eis a razón para a traducción. Se eu tivese que escoller hoxe, eu recomendaría que se traducise literatura de linguas estrañas, distantes e exóticas, canto máis mellor. ¿Por que? Porque o *Outro* que Xulián Maure quería traducido está cada vez máis dentro de nós. Claro que traducir de linguas coma o galés ou o bretón, o albanés ou o macedonio, o maia ou o quechua, o berber ou o hausa, o xaponés ou o tibetano, o xavanés ou o tahitiano, hai pouca xente que o poida facer porque hai pouca xente que está disposta a aprendelas –curiosamente o mesmo problema que nós temos. Isto si que tería valor para o galego, e para os galegos e para os non galegos, que se cadra acababan traducindo esa lingua a través da nosa. Pero isto lévanos ó que non estamos dispostos a aceptar. Que non queremos o *Outro* –o estraño, o diferente– tanto como se predica nos estudos de traducción, e que a fin de contas o prexuízo contra o galego (mesmo dentro da nosa comunidade) non é moi diferente ó que manifestamos (por omisión) respecto doutras linguas. En resumo, unha mágoa que non haxa quen as ensine en Vigo. E un erro que non se previse en 1992. Aquí debería facer constar dúas cousas: que non estou dicindo que non se estudie inglés ou traducción do inglés, e que sinto que, despois de termos unha experta en ruso entre nós, non se poida hoxe aprender ruso desde o galego. Veleidades de novos ricos. Pero da tendencia a mimetizar que temos os humanos e o risco que corremos se todos mimetizamos do inglés ou do español falarei máis tarde.

Isto lévame ó estraño paradoxo acerca dos efectos da traducción no que levo pensando desde hai anos. Creo que hai dúas posibilidades extremas de ver os efectos que a traducción exerce sobre a sociedade e a cultura. A

primeira implicaría vela como un proceso de renovación, de anovamento enriquecedor da lingua e da cultura para a que se traduce, e indirectamente de prestixio para a lingua da que se traduce. Neste caso o proceso de asimilación do *Outro* estaría baixo control. Sería a alteridade a que nos axuda a recrear a nosa propia identidade. Hai, sen embargo, unha outra posibilidade de ver a traducción moi raramente tida en conta. Fálase tópicamente da traducción como “traizón” pero case sempre no sentido de manipulación e traizón ó orixinal: “traduttori, traditori”. O proverbio italiano presenta, sen embargo, dúas outras dimensións cando se aplica a comunidades que atravesan tempos difíciles: o da traizón de quen facilita a transferencia ou trasvase dunha tradición para outros novos propietarios (Steiner, 1975: 233)³, e á inversa, o de facilitar a entrada do estranxeiro poderoso para dentro da comunidade: a traducción como traizón á tradición. A traducción pode ser, en efecto, desencadeante da desintegración da tradición e de ruptura co pasado. Un exemplo de efecto catastrófico, segundo Mühlhäusler (1990: 189-205), foi a introducción da alfabetización nas linguas do Pacífico a partir da traducción case exclusiva da Biblia e de instrucción relixiosa. O declinio do maorí e a debacle do hawaiiano estarían en relación directa con ese cambio fundamental nas vidas de sociedades tradicionais. Mühlhäusler conclúe que non coñece un só caso de alfabetización que axudase a preservar valores tradicionais e que as metas do SIL (Summer Institute of Linguistics) respecto ás linguas, alfabetización e traducción deberían ser reconsideradas se o que se pretende é favorecer a expresión dos puntos de vista indíxenas. Desde este punto de vista, a aceptación incondicional das imposicións do Outro aniquilaría toda posibilidade de pervivencia da propia personalidade. A traducción, neste caso, actuaría de medio ou filtro a través do que é posible transferir novas ideoloxías, as veces, en total contradición cos valores do pasado.

Non é necesario dicir que nos estudos de traducción universitarios, onde se supón que se forman tradutores profesionais e especializados, a única visión considerada é a enunciada en primeiro lugar. A traducción é entendida como unha práctica necesaria na actualización da cultura e positiva nos seus efectos. En todo caso, nun mundo cada vez máis fluído no plano económico pero, caracteristicamente, mediatizado a través dunhas poucas linguas e culturas dominantes, non deberían desprezarse os riscos que pode comportar a medio e longo prazo a adopción dunha actitude falsamente desprexuízada. Os efectos colaterais da traducción neste contexto global e homoxeneizador serían fundamentalmente asimiladores, erosionadores das diferencias, e maiormente unidireccionais (na dirección dominante – dominado) e restrictivos, pois o único que se estaría promovendo sería o modela-

³Tal e como sinalou George Steiner (1975: 233) «hai en cada acto de traducción –e especialmente alí onde ten éxito– un algo de traición. Soños atesourados, patentes de vida, son levados para o outro lado da fronteira».

mento ou versionamento da cultura a través do filtro das “grandes” linguas e culturas.

As dúas alternativas descritas poderían poñerse en relación con dúas concepcións distintas da relación entre as linguas e a(s) realidade(s) que representan: a cartográfica e a relativista. Segundo a teoría cartográfica das linguas o mundo estaría composto de elementos múltiples e as linguas aplicarían distintas etiquetas ós mesmos elementos, isto é, a unha realidade basicamente traducible para calquera outra lingua sen grandes perdas de significado. As modernas ideoloxías da estandarización lingüística están baseadas nesta concepción. Segundo a outra teoría, a relativista, as linguas ofreceríannos a base esencial da nosa visión do mundo e dos elementos que a compoñen. Cada lingua filtraría e analizaría a realidade dunha maneira diferente, de xeito que non existirían dúas linguas ou dialectos que representasen unha mesma realidade. A traducción, nesta concepción, sería posible pero estaría condenada a ser sempre aproximativa posto que mesmo entre dialectos parecidos as relacións internas que se establecen dentro de cada un dos sistema entre elementos semellantes son xeralmente distintas. O exercicio formal da traducción ensinado xeralmente na Universidade estéase na isotopía das igualdades da primeira teoría e na existencia de equivalencias aceptables entre dúas linguas, calquera que sexa a distancia entre elas. O paradoxo, sen embargo, é que a importancia da traducción como xeradora de novos significados fundaméntase no relativismo da segunda, na que se supón que cada sistema formal (cada lingua) é repositorio dunha cultura orixinal, dunha maneira determinada de ordenar a realidade, e por tanto de interese para as culturas con experiencias diferentes. Hai lingüistas que sosteñen que o gran problema cultural do século XXI será a redución ecolóxica da diversidade lingüística paralela á redución da diversidade biolóxica que axexa o planeta. As comunidades lingüísticas menos poderosas ou ben abandonan as súas linguas polas de veciños máis fortes ou ben, como mal menor, axústanas en relación coas linguas superordinadas nas que se modelan. Dito doutro modo, as linguas de hoxe relaciónanse moi pouco entre elas (tradúcense moi pouco, e moitas veces por intermedio dunhas poucas linguas) e tenden a normalizar os seus léxicos e estandarizar as súas gramáticas seguindo os modelos das linguas de occidente.

Non se me escapa que o tema da imitación mimética que acabo de esbozar está emparentado co da novidade (e o da orixinalidade) tan querido dos románticos. Non hai nación nin individuo que poida ser puramente orixinal. Iso sabémolo todos e os mesmos defensores da orixinalidade se fixeron eco da necesidade imperativa do cambio. Humboldt, por exemplo, comentaba que «dado que todos recibimos material transmitido de xeracións anteriores, a actividade creativa nunca será puramente innovativa senón que precisará de modificar o herdado» (1836: 28). O mesmo Goethe falando da

tradición preguntábase: «xa que si, temos todo este barullo acerca da orixinalidade, pero ¿ata onde chega a orixinalidade? Desde o intre en que nacementos o mundo comeza a influenciarnos e isto continúa así ata que morremos» (1825: 138-139). A cuestión, como queira que sexa, é puramente especulativa e continuará aberta no futuro pois somos cada un de nós quen a debemos responder deixándonos influír por quen queiramos ou rexeitando as influencias que non nos parezan apropiadas. Tamén nas traducións literarias e científicas.

O epígrafe que escollín para o capítulo da conclusión da miña tese foi unha cita tirada dos *Versos Satánicos* de Salman Rushdie. Non é un enunciado afirmativo senón unha pregunta acerca da novidade. A cuestión é «¿De onde vén a novidade ó mundo? ¿Como nace? ¿Que fusións, traducións ou conxuncións a orixinan? ¿Como sobrevive, tan extrema e perigosa como resulta todo o que é novo?» A cita de Rushdie faláanos da tradución como dunha das fontes de novidade pero tamén alude á extremidade e perigosidade que comporta. A novidade, sempre foi arriscada e sempre estivo en perigo ata que deixou de ser precisamente novidade. É lei de vida: o novo sempre terá que abrirse camiño entre o vello. E aquí é onde debemos introducir a ciencia, a linguaxe científica con que supostamente se expresa, e a tradución científica que suplanta a orixinalidade para transportala a outro contexto ¿De onde proceden as innovacións científicas e tecnolóxicas? ¿Como se producen? Se apelamos a Kuhn (1962) e ós seus paradigmas deberíamos responder que a ciencia progresa cando cambian as proposicións aceptadas por unha determinada comunidade científica. Trátase, en definitiva, de aceptarmos a analoxía, dun cambio de cultura e da lingua que a vehicula dentro dunha comunidade delimitada. O mesmo Kuhn fixo notar que os propoñentes de paradigmas rivais acababan por vivir en épocas de crise “en mundos diferentes”. Contra o que parece inferirse da expresión “linguaxe científica”, a miña opinión é que non existe realmente un verdadeiro divorcio entre a lingua “común” e a variedade estilística apelada “científica” como non a existe entre a “linguaxe dos mariñeiros” ou a “linguaxe publicitaria” e a “lingua común”. O rexistro científico nunha determinada lingua nace precisamente a partir das necesidades concretas duns determinados usuarios da lingua común pero non é independente dela. Evidentemente o manexo desa variedade só se pode conseguir co necesario adestramento académico e técnico e coa práctica desa actividade. A base gramatical, non obstante, é a mesma.

Dito isto cumpriría preguntarnos qué é o que se sabe do rexistro científico do galego. ¿Que se pode dicir acerca del? ¿Fíxose algún estudo sobre os textos científico-técnicos redactados orixinariamente en galego? ¿Publicouse algún título de importancia sobre algún aspecto concreto da tradución de textos científicos? A produción científica e académica en galego, aínda que cativa como pode verse con só consultar os catálogos das varias editoriais

galegas e dos servicios de publicacións das tres universidades, non chegou a suscitar ata agora o interese e atención dos lingüistas. Isto obviamente obra en contra dos proxectos expostos ó comezo. Os lingüistas e filólogos galegos (incluídos os especialistas en traducción), por moito que digamos, temos máis ben pouco que dicir ó respecto. É un erro que deberíamos emendar pois a ciencia e a técnica formécense fundamentalmente de lingua. As investigacións sobre a linguaxe científico-técnica a partir da documentación e análise de textos reais serían sen dúbida de interese para futuros aprendices, pero tamén para os científicos que a empregaron, pois é a través da tecnoloxía da lingua —a escrita fundamentalmente— que é posible controlar, diagnosticar, avaliar, modificar e comunicar a ciencia e a tecnoloxía a outros colegas ou á sociedade. Sabemos que son aínda poucos os profesores das áreas tecnolóxicas que se atreven a enfrontarse co galego pero é facilmente imaxinable unha situación mellorada. Tanto as enquisas feitas sobre o galego nas universidades de Vigo e Santiago como a miña propia experiencia persoal no Servizo de Publicacións corroboran a ausencia de rexeitamento e actitudes negativas belixerantes contra o uso do galego como lingua académica. A colección de manuais académicos en galego lanzada hai dous anos polo Servizo de Publicacións desta Universidade tivo unha acollida excelente. Tanto na primeira como na segunda convocatoria tivemos máis solicitudes de publicación das previstas e, o que é quizais máis importante, a pesar de que se especificaba que a única lingua de publicación sería o galego, a estratexia de promover o galego como lingua académica non provocou reticencias contrarias ó galego entre o profesorado.

¿Cómo vexo eu a situación actual da traducción científica ó galego? Se o xulgamos a partir da experiencia das traduccións feitas do español para o galego para esa colección de Manuais Universitarios, o que podemos afirmar é que de momento o Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo non recibiu queixas con relación á corrección e adecuación lingüística dos textos publicados. O problema, a pesar da polémica suscitada na rede a partir da publicación dun manual de galego científico, non creo que sexa ese e o que eu teño que dicir vai por outros roteiros⁴. Todos os que dalgunha maneira nos interesamos pola normalización temos as nosas ideas propias acerca do presente e do que podemos esperar como “normalidade” do futuro. As miñas ideas son sen dúbida peculiares pero dado que teño a oportunidade de expoñelas fareino sen cortapisas. Polo que dixen antes creo que previamente a calquera plan de normalización habería que concordar nunha cousa. Coa normalización o que pretendemos é o ben-estar social e lingüístico dos galegos, isto é, a recuperación da autoestima como comunidade —o sentimento

⁴ A influencia dese ou doutros manuais da tendencia que sexa será pouco estimable en tanto que os científicos galegos non mostren máis interese por facer ciencia en galego. Non nego, claro, a posibilidade de que se faga ficción lingüística se iso é o que se pretende.

persoal que tradicionalmente denominabamos amor propio: amar as nosas cousas, entre elas a nosa forma de falar. Para lograr isto impónse un requisito previo: desdramatizar a historia de perdedores, asoballamento, atraso e dominación que se vén contando desde hai tempo. Este discurso acerca de Galicia, tanto por parte dos sectores proclives ó centralismo (e á osmose co resto do estado porque esa é a mellor maneira de acabar co atraso) como dos nacionalistas que só reparan nas cifras discriminatorias en relación con outras partes do estado, é nefasto para o cultivo e adopción do galego. Ninguén quere asumir como propio algo que só se identifica con xente asoballada, triste e pobre de corazón. Se na recuperación do galego hai un inimigo, ese inimigo está sobre todo dentro de nós.

A partir de aquí, podemos comezar a traballar, con cifras grandes e pequenas, pero iso pouco importa cando un se acepta tal e como é, e ten confianza en si mesmo e nas súas limitacións. A cuestión dos límites e do espazo é fundamental no mundo moderno e en calquera aproximación que se pretenda ecolóxica. O problema co galego hoxe en día non é que teña poucas traducións nin pouca literatura orixinal ou traducida. O problema co galego é que está perdendo o ámbito familiar e coloquial e sen eses dous espazos o galego está condenado a desaparecer e a ter cada vez menos traducións e menos creación literaria e científica. Diredes “iso é moi fácil de dicir” pero entón ¿que facemos? Facer xa se están facendo cousas pero todas insuficientes porque non se vai á raíz do problema nin se propoñen metas atinguibles, e, como era de esperar, aparece o desánimo e o sentimento de derrota. Todo isto ocorre porque nos movemos e funcionamos con teorías e modos de endender a realidade social pouco apropiados.

Volvamos á presentación do primeiro número de *Viceversa*. Alí infórmasenos dos tres obxectivos principais da revista: (i) servir de soporte para traballos sobre tradución e interpretación; (ii) permitir o acceso a traballos doutras linguas; (iii) informar sobre a práctica e actualidade relacionada co mundo da tradución. Todos eses obxectivos se cumpren sobradamente e a un nivel realmente notable nos cinco números que se levan publicados a un por ano. É realmente un logro digno de mérito e os que a fan posible deberían sentirse orgullosos. As expectativas, se asumimos a retórica da presentación, non eran sen embargo só esas. A última parte explícitanos, tralo anuncio das distintas seccións, a axenda política na que se insire o novo proxecto editorial. *Viceversa* actuará de coadxuvante nun proceso que debe conducir á sociedade galega a «unha normalidade lingüística» da que carece no presente. A pregunta que un se debe facer para entender a frase é: ¿pero que é a normalidade? ¿houbo algunha vez normalidade? ¿é posible conseguir a normalidade no futuro? Vexamos cómo se interpreta esta urxente necesidade de «normalidade» no texto (digo urxente porque no mesmo parágrafo aparecen «urxente», «urxentemente» e «en breve»). A normalidade conseguiríase se

toda “comunicación mundialmente importante” chegase a Galicia «na lingua dos galegos» (sic). Para iso o plan sería o seguinte: (1) creación de infraestructuras que permitisen o ingreso do galego nos grandes medios de comunicación; (2) formación dun gran número de tradutores que farían de intermediarios; (3) traducción masiva da produción dos medios de comunicación. O punto de partida lingüístico é a todas luces falso. Gústenos ou non hoxe é preciso falar das linguas dos galegos ou non entenderemos nada. Nin sequera a normalización. Isto é básico porque dunha diagnose errónea non se poden esperar bos remedios. O modelo que se nos propón é un modelo nacionalista e consumista substancialmente idéntico ó que promove o estado español a través do seu aparello de poder (e aquí o poder sería económico, político e académico). ¿Pero necesitamos realmente unha réplica do modelo español estatalista ou temos que pensar e promover outro tipo de vías?

Tal e como eu o vexo, Xulián Maure quérenos meter de cabeza a través da traducción no mundo competitivo da modernidade, da mundialización imposta polos grandes poderes económicos, e da fabricación e consumo de produtos normalizados e de masas. Eu, sen embargo, polo ben de todos, espero que no futuro poida haber modernidades diferentes e alternativas a esa, porque a min esa modernidade non me acaba de convencer. Non me gusta facer as cousas con présas, necesito tempo para adaptarme ós cambios, gústanme os produtos exclusivos (aínda que tamén consuma os de masas), e non estou a favor da globalización indiscriminada que lle permite ó banqueiro de turno andar de Nova York para Londres e de aquí para Tokyo e ó proletario de Guinea morrer de noxo ás portas de Ceuta. Ten que haber unha saída á traducción que vaia por outros vieiros e ten que haber alternativas viables (incluída á traducción da ciencia ó galego) que non nos fagan sentirnos ós falantes galegos anormais (non normais para certos estándares) por non producir ou dispoñer de suficientes traducións ó galego, ou fracasados por non saber sobrepoñernos á incorrixible diglosia que Guillermo Rojo, seguindo a Ferguson, adaptou con tanto éxito ó galego. Pero sobre a diglosia diremos algo máis aínda máis tarde.

Agora podemos revisar os comentarios da directora de *Viceversa*, Camiño Noia, no segundo número da revista. Se a só un ano da publicación do primeiro se fai patente un estado de dificultades tan inmensas coma a propia inmensidade das tarefas que alí voluntariamente se asumiran, entón quizais sería bo reconsiderar as previsións a que as nosas ideoloxías nos conducen, e revisar os plans e o paradigma teórico, por utilizar a terminoloxía de Kuhn, en que se inscriben. Esta é a queixa que Noia deixa oír na presentación do número 2:

Cando hai anos concibímo-lo proxecto da revista tiñámo-la esperanza de que os estudos de traducción ó galego gozaran dun

grande florecemento (...). Hoxe constatamos que son moitas as dificultades que atrancan a normalización da traducción en Galicia, e non é a menor a case xeral falla de conciencia e sensibilidade lingüística de que adoecen tanto o equipo de goberno da Universidade viguesa como as actuais responsables (sic) dos estudos de traducción, (...), responsables consciente ou inconscientemente, de que perdure entre nós unha situación diglósica.

Polo que se infire da última frase, hai algo que parece que non funciona segundo os plans concibidos pois a diglosia, como indicio perdurable de división lingüística, segue habitando entre nós. ¿Pero é a diglosia o único síntoma de que o galego e a traducción non van ben? Segundo se nos informa, non. O goberno suprimiu o Premio Ramón Cabanillas de traducción e o número de traducións publicadas non acaba de medrar. As traducións producidas son obxecto de documentación e reflexión nos cinco números publicados (Viceversa, 1994; 1996; Constenla, 1997; 1998; 1999) e isto permítenos reconstruír a evolución do proceso. É o que se mostra na táboa seguinte. Os datos de 1993 da segunda fila corresponden a un traballo de Vilaboi (1997). Os de 1985, para confrontar, son de Maure (1986). As porcentaxes de cada un dos grupos de textos refiren a proporción respecto da produción total de traducións. As porcentaxes da última fila representan a proporción das traducións con relación ó número total de libros publicados que aparecen entre corchetes cadrados.

Ano PUBL.	NARRATIVA	POESÍA	TEATRO	INFANTIL XUVENIL	/	ENSAIO/NON- LITERARIAS	TRADUCIÓNS TOTAL PUBL.
1985 (1996)							59 20.00% [295]
1993 (1997)	15 9.25%	3 1.85%	5 3.08%	68 41.97%		8/63 43.82%	162
1993 (1994)	21 16.66%	2 1.58%	3 2.38%	43 34.12%		57 45.23%	126
1994 (1994)							*Incompleto* 55 [933]
1995 (1996)	14 14.58%	6 6.25%	8 8.33%	49 51.04%		17 17.70%	96 8.36% [1.148]
1996 (1997)	14 16.27%	6 6.97%	4 4.65%	48 55.81%		4 / 10 16.27%	86 7.61% [1.130]
1997 (1998)	23 18.85%	5 4.09%	8 6.55%	61 50.00%		4 / 21 20.49%	122 9.89% [1.233]
1998 (1999)	10 9.70	8 7.76%	9 8.73%	54 52.42%		7 / 15 21.35%	103

Non nego que posiblemente a todos nos gustaría que fosen moitos máis pero é de recoñecer que uns cen títulos ó ano ó longo de toda a década son unha cantidade importante para unha comunidade de aínda non tres millóns de persoas. O problema de fondo quizais non sexa só a falta de libros en

galego senón o pouco aprezo que os galegos demostramos pola lectura (incluída a lectura en castelán). Claro que unha e outra causa adoitan ir unidas. Na presentación da revista, Camino Noia, ansiosa polo futuro que espera ás futuras promocións de licenciados, tamén incita a traducir máis libros ó galego:

As traducións publicadas en España durante o ano pasado supoñen un 24% dun total de case 52.000 libros; mentres que dos 1.148 títulos publicados en galego o número de traducións non chegou ó 8%.”

Hai o dito de que tódalas comparacións son odiosas. Eu non o comparto (é obvio que as hai moi reveladoras) pero neste caso a comparanza non me parece das máis afortunadas que se poden facer pois responde a un dos tópicos que deberíamos desbotar na construción do discurso alternativo que antes mencionei. A culpa do contraste entre o 8% vs. 20% tena o compararse con España. ¿É xusto facelo?, ¿por que nos obsesionamos con seguir o modelo español?, ¿por que queremos ser españois na lingua, na cultura e agora tamén na ideoloxía da tradución?, ¿non hai outros modelos que imitar ou con quen compararse? Eu vou propoñer unha solución, problemática quizais, pero alternativa ó único modelo que parece defenderse entre os membros da Asociación de Tradutores Galegos –o mimético do español. Que os índices de tradución ó español sexan moi altos só quere dicir que a cultura española se resiste a adoptar sen máis a cultura anglosaxona dominante pero é dubidoso que a cultura resultante do proceso, unha cultura maiormente traducida –aínda que sexa ciencia traducida cientificamente– poida facer fronte á continua innovación e orixinalidade que se cotiza nos mercados internacionais en que os españois terán de competir. Mentres os españois traducen ó español, outros crean nos seus idiomas. O que habería que preguntarse sería: ¿Que se traduce do español?

O problema dos galegos, de momento, aínda non é ese⁵. Nós estamos enredados con outros problemas de lingua. Por exemplo estamos tan afeitos a demoñizar a diglosia que acaba dando a impresión de que se un non fai algo por loitar contra ela está sucumbindo ó maior mal do galego. Lembremos, por un momento, os termos nos que se estableceu e aplicou o concepto á realidade galega: Lingua A = Castelán; Lingua B = Galego. A principal estratexia do movemento galeguizador (incluída a Xunta) foi a de subverter a situación do galego. Fagamos do galego unha lingua A e deixemos ó castelán

⁵Nos cinco números que se publicaron da revista só aparecen seis contribucións que tratan de traducións do galego a outras linguas. Os textos de que se fala son todos literarios: a tradución de Ferrín ó español e ó inglés, a tradución de Manuel Rivas e Otero Pedraio ó inglés, a tradución de Cunqueiro ó español e a tradución de poesía medieval ó ruso.

ó seu aire. O resultado, querido ou non, é que o galego ocupa hoxe espacios propios de linguas A mentres que o espacio que ocupaba de lingua B, deixado á súa sorte pois era pouco prestixioso, estivo sendo ocupado subrepticamente polo castelán. ¿Era isto o procurado? Se o único obxectivo da “normalización” era este, o futuro do galego será catastrófico. Urxen políticas lingüísticas alternativas. Unha delas pode ser a de reestructurar a diglosia. ¿Para que queremos o galego? Eu quéroo para falalo coa familia, cos amigos, no traballo ou cando me divirto. Non nego a importancia do resto das funcións desde o punto de vista do prestixio social pero ningunha delas salvagardou historicamente as linguas por moito que se diga o contrario. A énfase hai que poñela na reconquista dos espacios próximos perdidos. ¿Que ten que ver isto coa traducción científica? Moito. Poderíamos pensar, por exemplo, en reestructurar os dominios lingüísticos dos galegos. Desde un punto de vista pragmático, o inglés e algunha outra lingua internacional (incluído o español) son ferramentas moi ben adaptadas, e polo tanto moi aptas, para o desenvolvemento de actividades científicas altamente especializadas. Agora ben, se pretendemos que o inglés ocupe unha parcela importante do ámbito científico, habería que conseguir dúas cousas: a primeira, que todo investigador científico fose un traductor do inglés en potencia (igual que o somos case todos hoxe do castelán); a segunda, un certo consenso en torno á discriminación entre varios niveis de ciencia: o da divulgación e do ensino, por exemplo, fronte o da alta ciencia ou ciencia de elite. As dúas primeiras parcelas habería que loitar por adxudicarlhas ó galego sabendo que sempre habería a concorrencia do español pero ¿precisamos realmente alta investigación en galego cando a comunidade científica internacional se expresa en inglés? Eu creo que non e que os esforzos “normalizadores” no sentido de “galeguizadores” deben ir noutra dirección se queremos preservar a lingua.

A tradición non debiera ser inimiga da innovación pero todos sabemos por experiencia que a tradición e o pasado, coa súa inercia, poden chegar a ser un pesado lastre para o progreso. Sen desmerecer para nada as virtudes da tradición, é lei de vida que as ideas vellas lles cedan o seu sitio ás novas para que estas, a súa vez, se volvan co tempo caducas e outras as poidan substituír. As novas ideas que aquí estamos a discutir son as da linguaxe científica en galego (na que aínda non somos máis que tateos) e as da traducción da ciencia (como medio de aprendizaxe, de comunicación e de apropiación de novas ideas). O galego, que é en Galicia moito máis vello có castelán, necesita hoxe máis ca nunca renovarse e aprender doutras linguas e culturas, incluídas as científicas, se o obxectivo é converter unha lingua común en estado de estandarización avanzada en lingua verdadeiramente apta para a ciencia. Coma tódalas cousas que están empezando, require tempo (e a traducción sabemos que de verdade consome moito e necesita perseverancia), espacio (podería empezarse polos textos de carácter máis popular ou divulgativo), e

un pouquiño de coidado. Isto último é esencial, e os lingüistas, filólogos e tradutores galegos –os científicos e os técnicos da lingua– deberan facer oír as súas voces pois poderían ofrecerlle a este proceso de cambio e transformacións as doses de racionalidade e estabilidade necesarias para que o movemento vaia a máis e na dirección que nós queremos. O coidado implicaría non a produción masiva de produtos culturais senón a produción mimada e coidada de boa cultura, da xeral, e ¿por que non? da científica se aí o queren os galegos.

Certamente ningunha institución, corporación, asociación ou Universidade pode funcionar ben sen vínculos co contorno social e económico no que se asenta nin cun pasado máis ou menos identificable, pero máis certo é que, a menos que sexamos quen de modificar o legado herdado –incluído o herdo lingüístico do pasado máis recente, acabaremos sentindo o peso e a parálise da historia e o futuro, que non será máis que pasado, acabaranos engulindo. Debemos cambiar porque as cousas non van tan ben como nos din moitos políticos doutras culturas nacionalistas e consumistas. Non temos por qué producir masivamente pero temos que producir ben e mellor do que o facemos. Esa é a miña mensaxe. Así haberá máis sitio e máis traballo para todos. Así non nos desanimaremos pola enormidade do labor e incluso se cadra somos capaces de recuperar o tempo preciso para celebrar os pequenos triunfos. En todo caso, queirámolo ou non, todo esta cambiando xa como nunca antes cambiou –e eu creo que no futuro máis próximo os cambios tomarán formas moito máis drásticas cás do presente, e en tódalas ordes. Para estarmos preparados, eu creo que debemos ser nós os que primeiro debemos examinar e cambiar as nosas maneiras de pensar e de facer. De pensar acerca das linguas, de facer tradución ó galego e de facer ciencia. A forza para facer fronte a ese reto –esa é a miña opinión– deberíanos vir da lingua que aínda está viva entre nós pois só ela nos pode brindar a continuidade necesaria co pasado e co lugar no que vivimos. Ninguén pode deixar de innovar sobre o pasado. O tempo que erosiona as orografíaas volve igualmente obsoletos tódolos significados e somos nós os que en cada xeración estamos chamados a buscar novas formas e novos sentidos: copiando, imitando, traducindo, mesturando, recreando...

Todo logro nas ciencias e nas artes dicíao Valéry desta maneira: repite ou refuta o que alguén xa fixo; refina, amplifica ou simplifica o que se dixo, ou ben dálle resposta, contradío, destrúeo ou rexéitao, pero por tanto asúmeo e úsao aínda que sexa de maneira non visible.

Eu servínme do discurso de *Viceversa* para construír o meu propio discurso. Falei das ideoloxías que subxacen á ciencia da tradución. Critiquei

algunhas das súas asuncións e intentei contradicilas no que teñen de mimetismo prexudicial para o seu futuro crecemento; intentei transferir e traducir o que aprendín na miña outra lingua de varios anos, pero celebro sinceramente cos promotores da revista os seus logros –que son case milagrosos– e a liberdade que me concederon para reflexionar sobre algo no que, dunha maneira ou doutra, a todos nos incumbe: o progreso da ciencia e do saber.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANÓNIMO 1995. “Traduccions 1993-94”. En *Viceversa*, nº. 1, pp. 209-220.
— 1996. “Traduccions 1995”. En *Viceversa*, nº. 2, pp. 259-264.
- CONSTENLA BERGUEIRO, Gonzalo 1997. “Traduccions, 1996”. En *Viceversa*, nº. 3, pp. 167-172.
— 1998. “Traduccions ó galego 1997: un medre de cifras esquivias”. En *Viceversa*, nº. 4, pp. 219-227.
— 1999. “Traduccions para o galego 1998”. En *Viceversa*, nº. 5, pp. 181-188.
- DERRIDA, Jacques 1989. *Memoires for Paul de Man*. New York: Columbia University Press. [Trad. por C. Lindsay, J. Culler, E. Cadava e P. Kamuff].
- FERNÁNDEZ SALGADO, Benigno 2000. *Os rudimentos da Lingüística Galega. 1913-1936*. Santiago: Universidade - Anexo 47 de *Verba*. [Traducción de Ana Iglesia].
- GOETHE, Johann Wolfgang von 1966. *Goethe: Conversational Encounters*. London: Oswald Wolf. [Ed. por David Lake e Robert Pick].
- LOWENTHAL, David 1993. *The Past is a Foreign Country*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HUMBOLDT, Wilhelm von 1971. *Linguistic Variability and Intellectual Development*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press. [Trad. por George C. Buck e Frithjof A. Raven].
- KUHN, Thomas S. 1970. *The Structure of Scientific Revolutions*. Chicago: The University of Chicago Press.
- MAURE, Xulián 1986. *Galicia sen libros*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
— 1995. “Presentación”. En *Viceversa*, vol. 1, pp. 7-9.
- MÜHLHÄUSLER, Peter 1996. *Linguistic Ecology. Language Change and Linguistic Imperialism in the Pacific Region*. New York: Routledge.
- NOIA, Camino 1996. “Presentación”. En *Viceversa*, vol 2: pp. 7-8.
— 1995. “Presentación”. En *Viceversa, Actas do I Simposio Galego de Traducción*, pp. 9-11.
- PORTAS, Manuel 1991. *Língua e Sociedade na Galiza*. A Coruña: Bahía Edicións.

- STEINER, George 1975. *After Babel*. London: Oxford University Press.
- VALÉRY, Paul 1971-5. *The Collected Works*. London: Routledge and Kegan Paul.
- VILABOI FREIRE, Pilar 1997. “As diversas tendencias nas traducións en Galicia no ano 1993” in Fernández Salgado (ed.) *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies. Vol. II, pp. 397-410.